

Resume das ponencias celebradas na

Xornada

<b>ESPECIES</b>
<b>EXÓTICAS</b>
<b>INVASORAS</b>
<b>E PARTICIPACIÓN</b>
<b>SOCIAL</b>

# Especies exóticas invasoras e participación social

28 de novembro 2015

Museo Domus. A Coruña



<b>ESPECIES</b>
<b>EXÓTICAS</b>
<b>INVASORAS</b>
<b>E PARTICIPACIÓN</b>
<b>SOCIAL</b>

O sábado 28 de novembro de 2015, ADEGA organizou a xornada “Especies exóticas invasoras e participación social” no Museo Domus da cidade da Coruña. Esta actividade enmárcase no proxecto “*Rede de voluntariado ambiental para a eliminación de especies invasoras en ecosistemas acuáticos*”, que conta co apoio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da [Fundación Biodiversidad](#). Para a celebración desta xornada ADEGA contou coa colaboración da [concellería de Medio Ambiente do Concello da Coruña](#).

A xornada durou todo o día e houbo espazo para que diferentes persoas de Galiza, Portugal e Cantabria debateran a cerca dunha problemática ambiental que hoxe en día está a ser a responsable da perda da biodiversidade mundial.

As especies invasoras son unha grande ameaza para a natureza que dun xeito silandeiro van desprazando e extinguindo a especies da nosa fauna e flora. Porén este grave problema é descoñecido pola meirande parte da cidadanía, que convive diariamente con estas especies foráneas e que moitas veces axuda de xeito inintencionado á súa dispersión.

Foi un lugar de encontro para diferentes expertas/os no mundo da investigación, da divulgación, do voluntariado e da custodia do territorio en torno a estas especies.

A xornada tivo máis de 60 asistentes que puideron preguntar e debater coas persoas asistentes a cerca dos temas tratados arredor das especies invasoras.

Unha vez máis a xornada puxo de manifesto a necesidade de facer partícipe á cidadanía sobre estas problemática ambiental, tanto desde o ámbito administrativo como das entidades conservacionistas que traballan con programas de voluntariado ambiental. Para este achegamento é indispensable unha formación técnica de calquera persoa ou entidade que traballe con especies invasoras e que coordine actividades de eliminación das mesmas.

Outro dos temas máis tratados polos asistentes foi a necesidade dunha maior coordinación entre as diferentes entidades que están a traballar nesta problemática (Investigadores/as, administracións, ONGs, etc) e demandar un traballo máis exhaustivo por parte da administración, que deberá loitar co perigo da tenencia e comercio das especies invasoras, un dos principais vectores de introdución de especies invasoras no medio natural.

O acto foi inaugurado por:

- Ana María López. [Directora Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente](#)
- María García. [Concelleira de Medio Ambiente do Concello da Coruña](#)
- Virginia Rodríguez. [Presidenta de ADEGA](#)



Ponencia inaugural

**Avaliación da percepción social de plantas invasoras en Galicia**

- Marisa Chas. [Univ. de Santiago de Compostela](#)



**Nome completo:** María Luisa Chas Amil

**Entidade:** Universidade de Santiago de Compostela

**Email:** marisa.chas@usc.es

**“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña**

### **AVALIACIÓN DA PERCEPCIÓN SOCIAL DAS PLANTAS INVASORAS EN GALICIA**

As especies invasoras están consideradas como unha das causas máis importantes de perda de biodiversidade provocando danos que poden xerar grandes perdas económicas. A expansión do comercio internacional é un factor clave que explica a introdución de xeito accidental ou deliberado de especies exóticas invasoras en novas rexións. É por isto que a análise das percepcións, actitudes e concienciación social é un tema de grande interese para o desenvolvemento de estratexias de manexo que limiten a súa expansión e impactos. Nesta ponencia examinamos as actitudes sociais fronte ao uso e xestión de plantas invasoras en Galicia. A análise basease en entrevistas persoais a representantes de diferentes grupos de interese (administración pública, sector ornamental, ONG, sindicatos agrícolas e forestales, partidos políticos, etc.) involucrados na temática por diversos motivos, ben porque sofren os seus impactos, ben porque as súas actuacións afectan a súa expansión, ou ben porque traballan en labores relacionados co seu control e xestión.

Aínda que os entrevistados sinalan como problemáticas en Galicia un conxunto de máis de sesenta plantas, os nosos resultados indican que existe un claro consenso nas especies que provocan unha maior preocupación. É o caso de *Acacia dealbata*, *Eucalyptus globulus*, *Carpobrotus edulis* e *Cortaderia selloana*, todas elas especies introducidas polo sector ornamental e forestal. En concreto, a *Acacia dealbata* constitúese como a principal especie obxecto de preocupación por parte do 23% das persoas entrevistadas amosando importantes diferenzas entre grupos (mais do 40% dos entrevistados pertencentes a grupos sociais a escollen como primeira opción, mentres que esa porcentaxe se reduce até o 15% para os pertencentes á Administración). Os nosos resultados tamén amosan algúns dos factores que inflúen na importancia asignada ás distintas especies invasoras por parte dos grupos de interese. En xeral, todos consideran máis preocupantes aquelas plantas que están máis amplamente distribuídas no territorio, sobre as que se están aplicando políticas públicas de control, que se venden e usan mais amplamente por parte do sector ornamental e forestal, e tamén aquelas que reciben unha maior cobertura por parte dos medios de comunicación.

Os nosos resultados teñen varias implicacións para a política ambiental. En primeiro lugar, a ausencia de fortes discrepancias entre os distintos grupos de interese amosa a posibilidade de abrir un espazo para o diálogo. De feito, entendemos que se se promovera ese diálogo por parte da Administración, sería factible alcanzar un alto consenso en medidas de control e xestión de plantas invasoras. En segundo lugar, atopamos que as partes interesadas son receptivas a aplicación de políticas educativas e ao desenvolvemento de campañas nos medios de comunicación. De feito, a alta atención mediática que recibe a propagación de certas especies invasoras podería utilizarse para alertar sobre a introdución deliberada e cultivo de plantas exóticas invasoras menos coñecidas.

*Mesa redonda 1*

**Investigación e xestión das bioinvasións en Galicia**

- María Inmaculada Romero. Univ. de S. de Compostela
- Luis González. [Univ. de Vigo](#)
- Rafael Bañón. [Grupo para o Estudo do Medio Mariño](#)
- Jesús Santamarina. [Dirección Xeral de Conservación da Natureza](#). Xunta de Galicia



<b>ESPECIES</b>
<b>EXÓTICAS</b>
<b>INVASORAS</b>
<b>E PARTICIPACIÓN</b>
<b>SOCIAL</b>

**Nome completo:** María Inmaculada Romero Buján

**Entidade:** Universidade de Santiago de Compostela

**Email:** mi.romero@usc.es

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

O inicio se comenta o termino exótico facendo unha pequena introdución a este concepto, no que se aborda o seu significado por contraposición o elemento autóctono. Continuase presentando o proceso de introdución das especies exóticas, mostrando os diferentes tipos que se recoñecen mediante exemplos do noso entorno.

Unha vez recoñecido o proceso de introdución se analiza o comportamento das especies exóticas no medio natural e o seu establecemento, para abordar a continuación o proceso de invasión e tamén coméntanse as características que presentan as especie exóticas invasoras.

Finalmente centrarémonos no caso da Flora Exótica Invasora de Galicia, sobre a que se comentará a súa situación actual e se comparará a situación con outras áreas próximas. Mostraranse algúns exemplos de flora exótica invasora provenientes de diferentes rexións bioxeográficas, observando a súas características morfolóxicas e as afeccións que producen nos diferentes hábitats do noso entorno.

Farase especial mención os efectos producidos por estas especies exóticas invasoras, que no caso da flora, ademais de levar emparellada a perda de biodiversidade autóctona, provocan a homoxenización da paisaxe (en relación a outros territorios próximos) e por tanto a unha perda non so do noso patrimonio natural senon tamén da nosa identidade.

**Nome completo:** Luís González Rodríguez

**Entidade:** Universidade de Vigo

**Email:** luis@uvigo.es

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

As especies invasoras vexetais constitúen a segunda causa de extinción de especies segundo a UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza). Supoñen un perigo para diversidade biolóxica e, daquela, son un factor de ameaza para os ecosistemas orixinais e a supervivencia das especies autóctonas.

A Xunta de Galicia contabilizou un total de 112 plantas invasoras na Comunidade Autónoma no seu Plano Estratéxico de Xestión de Especies Exóticas invasoras en Galicia. A pesar dunha inversión superior ao 1,2 millóns de euros na última década, este problema non é percibido pola sociedade.

As zonas costeiras (dunas e cantís) constitúen espazos singulares con especies vexetais fortemente adaptadas a condicións moi particulares. Polo limitado do seu hábitat ou pola forte presión sufrida, existen 7 especies vexetais, propias de areas e cantís, no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na súa categoría de Especies en Perigo de Extinción (DOG 88/2007 y DOG 167/2011): *Antirrhinum linkianum*, *Centaurea borjae*, *Erodium maritimum*, *Linaria arenaria*, *Linaria polygalifolia* subsp. *aguillonensis*, *Omphalodes littoralis* y *Rumex rupestris*. As poboacións coñecidas destas especies atópanse na súa maior parte dentro da Rede Natura 2000, que constitúen lugares de especial importancia para biodiversidade.

A ameaza das especies vexetais invasoras sobre estes espazos e especies é evidente. Existen, polo menos, 25 especies exóticas invasoras ocupando as zonas con presenza de especies vexetais en perigo de extinción.

A procedencia destas especies invasoras é, na súa maior parte, do mercado ornamental escapando de xardíns privados. A pesares da lexislación vixente na actualidade atópanse con facilidade á venda en centros de distribución e viveiros, non existindo a percepción de elemento daniño por parte dos vendedores nin compradores.

Cómpre un maior esforzo na visualización do problema no que se poñan en contacto os diferentes elementos sociais implicados. A elección de espazos prioritarios para unha actuación de control e erradicación das exóticas e preservación da biodiversidade autóctona con vocación de futuro é fundamental.



**Nome completo:** Rafael Bañón Díaz

**Entidade:** Grupo para o Estudo do Medio Mariño (GEMM)-Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS)

**Email:** anoplogaster@yahoo.es

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

### **Problemática xeral actual das especies exóticas mariñas (EEM) en Galicia**

Existe un gran descoñecemento do número de especies exóticas mariñas e das alteracións que están a provocar sobre os ecosistemas nativos de Galiza.

Galiza cumpre cos requisitos necesarios para ser considerada como unha zona de especial atención (hotspot) na introdución de especies exóticas mariñas no Atlántico europeo: unha poboación humana concentrada na franxa costeira, un importante sector acuícola e unha gran rede portuaria. Actualmente existen aproximadamente unhas 115 especies exóticas mariñas, pertencentes a distintos grupos taxonómicos introducidas na Galiza, algunhas delas de carácter invasor. Segundo a intencionalidade das mesmas podemos clasificalas en involuntarias (por exemplo o caprélido *Caprella mutica*), cando as especies entran nas novas áreas de maneira fortuíta e en intencionais (por exemplo a ameixa xaponesa *Ruditapes philipinarum*), cando están causadas por liberacións intencionais que pretenden ou non o establecemento dunha poboación no medio natural.

Inda que hai poucos estudos específicos sobre as vías de introdución destas especies, tódolos indicios sinalan a importación e manexo de especies para a acuicultura como unha das principais vías de introdución das EEM en Galiza. Os impactos negativos que estas especies poden producir sobre as especies nativas e cultivadas son imprevisibles e na maioría dos casos inda sen avaliar, e inclúen desequilibrios económicos e ecolóxicos entre as poboacións nativas, cambios na composición das especies e na cadea alimenticia, desprazamento de especies nativas, perda e redución da biodiversidade e transmisión de enfermidades e pragas.

A implantación de diversas medidas resulta imprescindible cara a evitar na medida do posible a entrada de especies exóticas ou a propagación destas unha vez introducidas. Entre estas medidas figuran o establecemento de mecanismos eficientes de control e vixilancia (rede de detección precoz), fomentar a investigación científica, sensibilizar a opinión pública mediante campañas de educación ambiental, cartografado das especies xa introducidas, avaliación dos riscos ecolóxicos e xenéticos e establecer unha mellor integración e cooperación entre os sectores e as institucións.

**Nome completo:** Jesús Santamarina Fernández

**Entidade:** Dirección Xeral de Conservación da Natureza

**Email:** jesus.santamarina.fernandez@xunta.es

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

O establecemento de prioridades para afrontar a erradicación de especies exóticas invasoras é un aspecto no que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza ten traballado nos últimos anos, e nesta liña xa no ano 2012 elaborouse unha proposta técnica de Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras en Galicia e un sistema de análise de riscos. Así mesmo, dende a Administración galega se ten traballado xunto con outras Comunidades Autónomas e o MAGRAMA na elaboración do Catálogo español de especies exóticas invasoras e en diversas estratexias españolas de loita contra estas especies .

A conclusión da experiencia adquirida na planificación estratéxica do problema indica que a prevención é a mellor inversión para facer fronte ao problema das invasións biolóxicas, especialmente en termos de custes-beneficios, xa que os impactos e cambios causados por estas especies son a miúdo irreversibles, e os custes para mitigar os danos crecentes. Un bo exemplo desta cuestión é a problemática que estamos a sufrir na actualidade coa avespa asiática (*Vespa velutina*).

Dentro deste enfoque dirixido á prevención, dende a Dirección xeral de Conservación da Natureza téñense desenvolvido distintos traballos dirixidos a:

- 1) O análise de riscos de novas importacións ou usos de especies exóticas.
- 2) O análise de vectores e rutas de dispersión.
- 3) A concienciación da sociedade e a formación e capacitación de axentes e técnicos.
- 4) Sistemas de exclusión de especies exóticas invasoras (prohibición, tratamentos, etc.
- 5) Establecemento de sistemas de alerta temperá.
- 6) A responsabilidade das distintas administración e unidades administrativas con competencias sectoriais.

Estas tarefas teñen constituído un primeiro paso para facer fronte ao problema, pero tamén somos conscientes de que aínda quedan lagoas legais, e sobre todo a necesidade de contar con máis recursos para abordar estas cuestións e fomentar a participación da sociedade.

En canto ás iniciativas para o manexo de especies exóticas invasoras unha vez establecidas, como resultado do establecemento de prioridades de acordo coa proposta de Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza estableceu unha programación para os vindeiros anos centrada en dous eixes de actuación:

A erradicación temperá de focos de invasións de especies animais e vexetais de alto risco recentemente naturalizados, como o mapache (*Procyon lotor*), o bambú xaponés (*Fallopia japonica*) ou a planta acuática *Alternanthera philoxeroides*.

A contención local de especies exóticas invasoras e a protección dos sitios prioritarios para a conservación de especies autóctonas (principalmente a RN2000) das especies exóticas con alto risco de impacto na nosa biodiversidade (como a herba da pampa Cortaderia selloana) pero nas que a posibilidade actual de poder acometer con éxito a súa erradicación a nivel autonómico é baixa.

*Mesa redonda 2*

**Divulgación da problemática das especies invasoras**

- Lucía Parente. [ADEGA](#)
- Miguel Serrano. Plataforma [Biodiversidade.eu](#). Univ. S. de Compostela
- Francisco López. Proxecto [Invasoras.pt](#). Univ. de Coimbra (Portugal)
- Luis Navarro. [Divulgare](#). Univ. de Vigo



**Nome completo:** Lucía Parente Romero

**Entidade:** ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

**Email:** lucia@adega.gal

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza ([ADEGA](#)) é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa na defensa do medio ambiente galego e global dende 1976.

ADEGA traballa nomeadamente no ámbito da denuncia ambiental e tamén no eido da Educación Ambiental como ferramenta para manter e impulsar unha visión crítica, innovadora e participativa na sociedade.

Desde o ano 2000 ADEGA fai unha aposta decidida pola educación ambiental propoñendo a creación de convenios de colaboración a diferentes entidades para o deseño e realización de programas estables e permanentes, baseándose nos seus, por aquel entón, 25 anos de experiencia. Na actualidade, está a desenvolver diferentes proxectos de educación e voluntariado ambiental moitos deles ligados ás especies invasoras en diferentes hábitats.

Nos últimos anos ADEGA ten realizado multitude de actividades para eliminación de especies invasoras en ecosistemas fluviais, en dunas, lagoas costeiras, charcas, illas, bosques e tamén en ecosistemas urbanos, cunha participación de máis de 5.000 voluntarios/as nestes últimos anos.

Nestas actividades ADEGA realiza un importante esforzo nas labores divulgativas, antes, durante e despois de cada actividade, emitindo novas de prensa, publicando fotos nas redes sociais, o que aumenta a cantidade de receptores do mensaxe da problemática que as invasoras supoñen.

Por outra banda desde a iniciativa [Proxecto Ríos](#), un proxecto de voluntariado ambiental e participación social para o coñecemento dos ríos galegos, editáronse en 2007 fichas de identificación de invasoras nos ecosistemas fluviais. Nestes anos téñense repartido a máis de 5.000 persoas. Proxecto Ríos tamén editou un calendaRío en 2013 coa temática das invasoras repartido entre os grupos participantes.

Iniciativas como o proxecto de Custodia Fluvial Ulla Ullia Lérez, teñen divulgado a problemática das invasoras coa edición de paneis interpretativos neste caso na beira do río Liñares.

En 2015 editáronse dous polípticos e un poster con fichas identificativas de 28 especies animais e vexetais de invasoras dos medios acuáticos en Galiza. Ademais dunha exposición sobre as especies invasoras e un manual sobre voluntariado ambiental e especies invasoras.

ADEGA non esquece o seu papel de entidade ecoloxista e de denuncia ambiental, polo que ao longo dos seus anos de traxectoria son moitas as denuncias que se teñen feito por mor de plantacións de eucaliptos en Rede Natura, proliferación de granxas de visóns americanos ou plantacións de plantas invasoras para o seu uso como biomasa entre outras.

**Nome completo:** Roi Carballal e Miguel Serrano

**Entidade:** Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela

**Email:** serranogz@gmail.com

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

Presentamos a plataforma online [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) como unha ferramenta colaborativa con potencialidade na dinamización dun control cívico e horizontal das Especies Exóticas Invasoras (EEI), no ámbito territorial do noroeste ibérico.

O noroeste ibérico, Galiza, o centro-norte de Portugal e territorios limítrofes, constitúe un continuum ambiental e cultural que presenta desafíos compartillados e, tamén, potencialidades comúns. O desenvolvemento das potencialidades só pode nacer dun incremento dos contactos e iniciativas comúns, por tanto, da creación dunha comunidade.

A abordaxe da problemática das EEI precisa da interacción de tres actores fundamentais: as institucións competentes, os sectores expertos e a sociedade civil, por cima duns límites administrativos que as EEI non recoñecen. Dado que a natureza do problema é de tipo disperso, afectando potencialmente a todo territorio (se ben non dunha forma homoxénea) o envolvimento da sociedade civil resulta determinante para ter posibilidades de éxito deste control de EEI.

[www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) procura a democratización da información relativa à biodiversidade mediante a posta en contacto dos sectores envolvidos na súa preservación, creando unha comunidade que xestiona a acumulación e o acceso de información sobre o patrimonio natural.

As funcionalidades de [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) permiten crear redes de persoas usuarias con diversos niveis de competencia, que xeo-localizarían EEI, que se axudan na identificación, e que poden organizar iniciativas comúns de voluntariado, separando a información en “proxectos” segundo grupos de interese concretos. Permite delimitar áreas, que poden ser adoptadas como espazos de conservación por conxuntos de usuarias, criando empatía co territorio, así como obter relatorios coas especies presentes nas áreas definidas. As ameazas detectadas polas usuarias son notificábeis ás autoridades directamente desde o web, se así o desexar a persoa usuaria. [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) ten actualmente mais de 200 usuarias e decenas de milleiros de observacións de organismos, a incluír toda a flora ameazada e protexida do noroeste ibérico. Por tanto, permitiría non só identificar onde están as EEI, senon onde estas representan un perigo maior para as comunidades naturais ameazadas. A integración de información específica de EEI coa relativa ao resto da biodiversidade, e nun cadro xeográfico concreto, pensamos que resulta un aliciente para o envolvimento dunha comunidade activa e motivada de usuarias con vontade de abordar problemas como EEI. Con todo, [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) ten unha filosofía opendata e, por tanto, unha clara vocación de integración dos seus datos en plataformas de diverso rango temático e xeográfico. Porén, establece criterios rigorosos que impiden a absorción nas súas bases de datos da información procedente doutras plataformas dunha forma directa e acrítica.

[www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) é resultado dun proxecto europeo de cooperación territorial e foi xestionada inicialmente desde un grupo de investigación do Departamento de Botánica da USC, mais o obxectivo é unha xestión colexiada desde a propia comunidade de usuarias, polo que se pon ao servizo de todas as persoas e entidades que queiran usala ou desenvolver novas funcionalidades. Até aquí, relatamos algunhas das ferramentas con mais relación no control de EEI. Son moitas máis as que as usuarias de [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) pensamos ir incorporando.

**Nome completo:** Francisco Alejandro López Núñez

**Entidade:** Centro de Ecoloxía Funcional (CEF). Universidade de Coimbra.

**Email:** Infran85@gmail.com

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

No contexto da globalización, os cidadáns son considerados como un dos principais vectores de transporte/introdución e dispersión de especies invasoras (EEl). Con todo, a implicación dos cidadáns tamén é crucial e moi necesaria para prever e actuar con celeridade ante as novas ameazas, ou tamén para axudar no control e contención ó longo prazo das EEl xa asentadas. A pesar de que este tema leva lexislado en Portugal dende 1999 (Decreto-Lei nº 565/99), o coñecemento sobre as EEl en Portugal aínda está en cueiros. Así pois en Portugal, o Grupo de Investigación do Centro de Ecoloxía Funcional (CEF) da Universidade de Coimbra, mais a Escola Superior Agraria de Coimbra (ESAC) do Instituto Politécnico de Coimbra, levan mais dunha década traballando con especies invasoras e sensibilizando a poboación portuguesa sobre a problemática das invasións biolóxicas. En Marzo do 2013 lanzouse unha das ferramentas feitas para sensibilizar ó público en xeral: unha Plataforma de Ciencia Cidadá para mapear plantas invasoras. Esta plataforma, aloxada na páxina web [invasoras.pt](http://invasoras.pt) e dispoñible online (<http://invasoras.pt/mapa-de-avistamentos/>), permite o mapeamento das plantas invasoras coa axuda da participación pública. O funcionamento da plataforma é sinxelo, e calquera persoa pode participar e colocar avistamentos de plantas invasoras no mapa. Soamente ten que rexistrase sen custo algún, ou na páxina web ou na App para os dispositivos Android, e comezar a facer os avistamentos. Calquera usuario pode acceder ós avistamentos, ou via [invasoras.pt](http://invasoras.pt) ou mediante a súa pesquisa na base de datos do GBIF.

Xunto coa plataforma, como apoio para a identificación no campo, actualizouse e reeditouse a guía de campo (dispoñible online e en papel) cas especies vexetais invasoras presentes en Portugal. Ademais, o uso da plataforma e mapeamento das IAS polos diferentes grupos sociais (escolas, técnicos, etc) foi promovida a través das redes sociais, de diversos medios de comunicación sociais e impartindo obradoiros (por ex. ensinando a identificar ás EEl vexetais). O éxito desta Plataforma de Ciencia Cidadá é avaliado considerando o número de visualizacións do mapa e, principalmente o número de usuarios rexistrados e o número de avistamentos rexistrados.

Ata Novembro do 2015, o balance na plataforma é de 545 usuarios rexistrados, dos que 248 son usuarios activos con mais de 6600 avistamentos. As especies mais frecuentemente rexistradas son *Acacia* spp. (1978 avistamentos), *Arundo donax* (1386), *Cortaderia selloana* (465), *Ailanthus altissima* (420) e *Carpobrotus edulis* (302). A plataforma é a cuarta páxina mais visitada de [invasoras.pt](http://invasoras.pt), con preto dun 3% de visitas dun total de 380000 visitas totais.

**Nome completo:** Luis Navarro

**Entidade:** Universidade de Vigo-Divulgare

**Email:** lnavarro@uvigo.es

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

As invasións biolóxicas son consideradas hoxe unha das principais causas de perda de biodiversidade a escala global. Con todo, a ignorancia social sobre as causas deste fenómeno, os mecanismos que o promoven e as consecuencias das invasións biolóxicas sobre a biodiversidade dos ecosistemas invadidos, continúa sendo enorme. Un dos principais problemas cara a xestionar o problema das invasións biolóxicas é a falta de información de primeira man (xerada por investigadores que utilizan o método científico como ferramenta de traballo) que achega a sociedade. En paralelo coa escaseza de recursos destinados á investigación, tan pouco esforzo está feito polas administracións públicas no traballo de concienciación social contra este problema. No Laboratorio de Ecoloxía e Evolución da Universidade de Vigo traballamos en desvelar as causas que fan a unha especie converterse en invasora, os mecanismos que promoven o comportamento invasivo e as consecuencias da invasión sobre os ecosistemas nativos invadidos. Ademais de publicar os resultados en revistas científicas especializadas, realizamos vídeos de animación destinados a un público non especializado, cos que tratamos de transferir o coñecemento xerado nos laboratorios de investigación cara a sociedade en xeral. Para elo usamos unha linguaxe sinxela e visualmente atractiva.



*Mesa redonda 3*

**Especies invasoras, voluntariado ambiental e custodia do territorio**

- Ramsés Pérez. [Proxecto Ríos](#)
- Fernando Bandín. [Fragas do Mandeo](#)
- Noé Ferreira. [Anabam](#)
- Sergio Tejón. [Red Cambera](#) (Cantabria)





**Nome completo:** Ramsés Pérez Rodríguez

**Entidade:** ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

**Email:** ramses@adega.gal

Breve descrición da intervención nas xornadas (300-500 palabras):

***“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña***

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa na defensa do medio ambiente galego e global dende 1976.

ADEGA ven traballando dende o ámbito da denuncia ambiental a divulgación e tamén no eido do voluntariado ambiental como ferramenta de educación Ambiental, para manter e impulsar unha visión crítica, innovadora e participativa na sociedade.

Así, no ámbito das especies exóticas invasoras téñense realizado numerosas actuacións de participación cidadá ligadas a conservación demostrándose éstas como moi efectivas na xestión desta problemática ambiental. Alén de ter o seu impacto positivo inmediato nos recursos naturais e no medio, as actuacións repercuten nunha sociedade máis comprometida e responsable.

O traballo de ADEGA na creación de novos escenarios de participación ligados a problemática das invasoras pode ser un bo exemplo de intervención nunha problemática ambiental complexa como é a das invasoras que afecta a diferentes actores das sociedade.

ADEGA conta cunha ampla traxectoria na xestión de voluntariado ambiental en toda Galiza, especialmente no traballo con especies exóticas invasoras. Intervencións en ríos (Campamentos do Tea, Limia, etc.); costas (LIC Corrubedo; Monte e Lagoa de Louro, Sálvora, etc.) e noutos moitos espazos ao longo dos últimos anos en colaboración con diversas administracións (MAGRAMA, Fund. Biodiversidad, Dir. Xeral de Conservación da Natureza, Augas de Galicia, D. X. de Costas...) son un exemplo. Tarefas de monitoreo ou de eliminación téñense demostrado como unha ferramenta eficaz que contribúe á divulgación desta problemática así como a recuperación de espazos naturais.

Na comunicación presentáronse sucintamente as máis de 31 iniciativas de eliminación de invasoras nas que se teñen traballado con máis de 25 especies exóticas invasoras e nas que teñen participado máis de 1.000 voluntarios e voluntarias ambientais de ADEGA. Así mesmo presentáronse algunhas conclusións froito desta experiencia na loita contra as especies exóticas invasoras.

**Nome completo:** Fernando Bandín Monteiro

**Entidade:** Fragas do Mandeo

**Email:** [correo@fragasdomandeo.org](mailto:correo@fragasdomandeo.org)

**“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña**

Fragas do Mandeo naceu no ano 2010 como unha ONG de custodia do territorio que focaliza a súa actuación na comarca coruñesa de As Mariñas. Na actualidade custodia unha superficie de monte que supera os 200.000 m<sup>2</sup> baixo diversas fórmulas: en propiedade (o 44 %), mediante cesión gratuíta por períodos que van dos 20 ós 50 anos (o 48 %), e baixo arrendamento a 30 anos (o 7 %). As parcelas en propiedade proceden na súa maioría de adquisicións grazas a fondos procedentes de doadores particulares, e excepcionalmente de doazóns dos titulares.

As condicións ecolóxicas das parcelas no momento de formaliza-lo acordo de custodia varían: algunhas son carballeiras galaico portuguesas e bosques de ribeira que só precisan supervisión, sendo outras eucaliptais —con algunhas acacias negras— nos que se traballa para transformalos en bosque autóctono. As parcelas sitúanse dentro ou nas inmediacións do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo, nos concellos de Coirós, Aranga e Oza-Cesuras.

Aparte das actividades de custodia, apadriña varias zonas do dominio público marítimo terrestre e hidráulico desta ZEC. Nelas, a principal actividade que realiza é a eliminación de flora exótica invasora, acompañada da retirada periódica de lixo. No río Mandeo, entre a pontella de Chelo e a ponte de Teixeira ten retirado 337 quilos de tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*. Na praia da Alameda (Miño) erradicou a *Cortaderia selloana*, o *Carpobrotus edulis* e a *Cotula coronopifolia*, eliminando tamén a *Conyza canadensis* e o *Aster squamatus*. Na praia Grande de Miño actuou sobre o *Carpobrotus edulis*, *Vinca difformis*, *Cortaderia selloana*, *Crocsmia x crocosmiiflora*, *Arctotheca calendula*, *Yucca gloriosa* e *Iris germanica*.

Tamén custodia en propiedade un par de parcelas na lagoa de Sobrado dos Monxes, estando localizada nunha delas o observatorio ornitolóxico. As labores de mantemento do observatorio van dende a limpeza periódica e control da vexetación, até melloras e reparación de desperfectos. Complementariamente apadriña a lagoa e o tramo de camiño xacobeo que pasa a carón dela, recollendo lixo periodicamente.

Todas as actuacións realizadas por Fragas do Mandeo, así como a xestión e administración internas, son efectuadas mediante voluntariado. O perfil dos voluntarios é moi diverso, contando tamén coa colaboración de varias asociacións.

Fragas do Mandeo é membro fundador da Rede Galega de Custodia do Territorio. Promove a custodia do territorio e o coñecemento das especies invasoras en distintos eventos e a través da súa web, organizando anualmente a *Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*. Tamén fomenta o voluntariado ambiental a través do seu Facebook Voluntariado Mandeo.

<b>ESPECIES</b>
<b>EXÓTICAS</b>
<b>INVASORAS</b>
<b>E PARTICIPACIÓN</b>
<b>SOCIAL</b>

**Nome completo:** Noé Ferreira-Rodríguez

**Entidade:** Asociación Naturalista “Baixo Miño” (ANABAM)

**Email:** noeferreira@uvigo.es

**“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña**

A Asociación Naturalista “Baixo Miño” (ANABAM) é unha entidade de ideais ecolóxico naturalistas entre cuxos obxectivos se atopa o estudo, protección e divulgación do patrimonio natural e cultural da comarca do Baixo Miño. O ano 2001 marcou un antes e un despois no tocante á Custodia do Territorio na comarca logo dunha drástica actuación de limpeza mecánica nas praias da marxe galega da desembocadura do Miño. A partir deste momento se puxeron en marcha tres experiencias de custodia na bisbarra: Proxecto Píllara - Borrelho (2001, Conservación dos valores naturais), Un bosque para unha bolboreta (2008, Conservación dos valores naturais) e Plan de Recuperación dos fentos arbóreos de Oia (2011, Conservación dos valores culturais). No ano 2005 cítase por vez primeira no Baixo Miño á Bolboreta dos érbedos (*Charaxius jasius*), que xunto a *Iphiclides podalirio* e a *Papilio machaon* é un dos lepidópteros máis grandes de Galicia. A especie centrou gran parte dos traballos de campo confirmándose a presenza dunha poboación estable na comarca. A súa restrinxida área de distribución sempre asociada aos érbedos (a súa planta nutricia) motivou a posta en marcha do proxecto “Un bosque para unha bolboreta”. Con este proxecto se pretendía por unha banda aumentar a área de distribución da especie e por outra, recuperar un terreo na ladeira leste do Monte Trega (A Guarda) cuberto por acacias. A través dun acordo entre a Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de Camposancos (A Guarada) e ANABAM cedeuse por un período de 10 anos renovables unha hectárea de terreo para plantar e manter 150 érbedos (*Arbutus unedo*). Dende que se puxo en marcha o proxecto máis de douscentos voluntarios chegados de toda a xeografía peninsular colaboraron nas tarefas de mantemento do erbedal e erradicación de acacias. A día de hoxe a especie desapareceu de parte das cuadrículas onde se tiña rexistrada a súa presenza e reprodución pola construción dunha vía de alta capacidade, pero grazas aos traballos desenvolvidos por ANABAM e o voluntariado, a Bolboreta dos érbedos está presente nos cinco concellos da comarca do Baixo Miño continuando as tarefas de erradicación de acacias no erbedal e nos terreos da contorna.

<b>ESPECIES</b>
<b>EXÓTICAS</b>
<b>INVASORAS</b>
<b>E PARTICIPACIÓN</b>
<b>SOCIAL</b>

**Nome completo:** Sergio Tejón García

**Entidade:** Asociación Red CAMBERA

**Email:** proyectorios@redcambera.org // redcambera@gmail.com

**“Especies exóticas invasoras e participación social” 28 novembro. A Coruña**

Cambera é unha asociación sen ánimo de lucro cántabra creada en 2010, que traballa coa responsabilidade e o obxectivo da conservación da natureza.

Esta meta precisa da participación e o apoio social para ser realmente efectiva. Para isto, trátase de implicar en todas as accións á cidadanía, a través de proxectos de voluntariado e educación ambiental, e colabórase activamente cos propietarios de terreos, públicos e privados, a través da custodia do territorio.

As especies exóticas invasoras son un dos maiores problemas ambientais en Cantabria, máis de 100 especies de flora e fauna modifican en maior ou menor medida os ecosistemas cántabros, sobre todo os fluviais e os costeiros. En Cantabria téñense citado máis dun cento de especies de flora exótica invasora, algunhas das máis “agresivas” son o bambú xaponés (*Phallopia japonica*), o plumeiro (*Cortaderia seollana*), a chilca (*Baccharis alumifolia*), o bambú (*Phillostachis aurea*), a unlla de gato (*Carpobrotus edulis*) ou a crocosmia (*Crocosmia x crocosmiiflora*)


Para contribuír á loita contra a flora exótica Cambera ten realizado varios proxectos de concienciación, voluntariado, erradicación e capacitación de diferentes sectores da poboación. Un dos espazos onde se leva traballando máis tempo é o río Saja, ubicado no occidente cántabro, e un dos máis afectados pola problemática da flora exótica.

Neste espacio combínanse diferentes accións entre as que podemos destacar:

- Edición de material identificativo de flora invasora
- Formación de técnicos municipais en identificación e xestión de especies exóticas
- Formación de cuadrillas de traballo forestal de concellos
- Información a viveiros forestais da zona sobre especies exóticas
- Charla na Feira de floricultura
- Xornadas de voluntariado para o inventario de flora exótica
- Xornadas formativas sobre flora exótica
- Xornadas de erradicación de flora invasora
- Xornadas de plantación de especies de ribeira autóctonas

Na actualidade, ademáis de continuar con xornadas de plantación de especies autóctonas e erradicación de flora exótica, e o seguemento das mesmas, estamos traballando para lograr acordos de custodia con concellos e xuntas veciñais da zona para restaurar e conservar espazos de ribeira do río Saja e afluentes.

**ESPECIES  
EXÓTICAS  
INVASORAS  
E PARTICIPACIÓN  
SOCIAL**



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa de basqioños 9 baixo

15704 Santiago de Compostela

**[www.adega.gal](http://www.adega.gal)**

